


PICKPOCKET



Tít. orixinal: *Pickpocket*

Ano: 1959

Duración: 75 min.

País: Francia

Dirección: Robert Bresson

Guión: Robert Bresson

Música: Jean-Baptiste Lully

Fotografía: Léonce-Henri Burel

Reparto: Martin LaSalle, Marika Green, Dolly Scal, Pierre Leymarie, Kassagi, Pierre Étaix, César Gattegno

Xénero: intriga

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Michel é un carteirista que non rouba por necesidade como tampouco por vicio; non é cleptómano, rouba para darse a si mesmo un valor, porque o roubo é o medio de expresar os seus sentimentos. O director describe minuciosamente tanto as técnicas do carteirismo como a propia historia de amor, empreñando actores non profesionais. Trátase da primeira película de Bresson con argumento propio, e a primeira produción na que o director francés comeza a afastarse da realidade para tomar a senda da pura abstracción que continuará no resto dos seus filmes.

Pickpocket, por Miquel (tomado de filmaffinity.com)



Escrita e dirixida por Bresson, inspírase en "Crime e castigo" de Dostoyevski. Rodada en París con un presuposto modesto, foi finalista ó Oso de Ouro de Berlín. A acción ten lugar en París a finais dos 50. Narra a historia de Michel (Martin La Salle), un mozo que se dedica a roubar carteiras, bolsos, reloxo e panos. Non o fai por necesidade (ten aptitudes para outros mesteres), senón como medio para sentirse importante. Ó visitar á súa nai enferma, coñece a unha rapaza, Jeanne (Marika Green), coa que

establece amizade. A película fai uso dunha estética sobria, austera e depurada, con preferencias polos ambientes escuros, marxinais e sórdidos. O autor opta por actores non profesionais; diálogos interpretados con notoria neutralidade de ton e timbre; un vestuario modesto e gastado polo uso; unha expresión corporal contida e fría; e un discurso narrativo que somete a un proceso de depuración e abstracción admirable. Bresson dí o que se propón co menor número de palabras e xestos. Exalta as habilidades do protagonista, que eleva a algo parecido a unha arte. Como Raskolnikov, o protagonista de "Crime e castigo", Michel cre na orde superior da súa moral xansenista.

A música, tomada de Jean-Baptiste Lully, compositor francés do XVII, aparece en momentos culminantes da obra con fragmentos orquestrais de grande solemnidade, que elevan o ton da obra. A fotografía resalta os xestos, as miradas os movementos imperceptibles dos personaxes, extremando a atención polo detalle. Céntrase no interior da pantalla e usa con frecuencia a yuxtaposición de planos breves e rápidos para describir, con mestría, unha secuencia de acción longa. Os actores non son profesionais nin usan maquillaxe. O director sométeos a un traballo agotador de repetición de tomas, ata conseguir o resultado desexado. O guión elabora un relato sinxelo, feito de pequenos detalles, xestos e sons, narrado con brevidade e unha economía de medios que sorprende e fascina. As personaxes, tomadas da rúa e da vida real, achéganse ás do neorrealismo italiano. A interpretación é correcta e axústase ós obxectivos do autor. Martin La Salle, o protagonista, grazas a ela triunfaría en México, e Marika Green aparecería máis tarde en "Emmanuelle" e nunhas 30 obras de cine e TV. A dirección consegue unha película que sobresa pola sobriedade narrativa e pola maxia das elipses.

Trátase dunha das películas máis asequibles de Bresson e, á vez, unha das máis depuradas e máis apreciadas das 13 que dirixiu. Nela sorprende, de modo admirable, o poder da suxestión. Imprescindíbel para os amantes do gran cine de autor.